



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CLUB RAZA CAN DE PALLEIRO PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, FOMENTO E DIFUSIÓN DA RAZA CAN DE PALLEIRO NO PERÍODO 2025 – 2028.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Don José Silvestre Balseiros Guinarte, en calidade de director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias de acordo co seu nomeamento polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015, publicada no DOG número 223 do 23 de novembro, e en virtude das facultades que lle atribúe a esta o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Don Daniel Conde Ojea, actuando en nome e representación do Club Raza Can de Palleiro, con CIF G36415958, na súa condición de Presidente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandaría.





Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento e control das actuacións de apoio á conservación, uso e desenvolvemento sustentable dos recursos zootécnicos na gandería, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Terceiro. O Club Raza Can de Palleiro é unha asociación sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións, Grupo 1, Sección 1ª, Número Nacional 169461. Foi constituído o ano 2002, como organismo non governamental e ten por obxecto a conservación, recuperación, mellora, selección, fomento e difusión da Raza Can de Palleiro.

Actualmente o Club Raza Can de Palleiro é a única asociación da raza en Galicia, está oficialmente recoñecido pola Xunta de Galicia como asociación para colaborar no Programa de recuperación da raza Can de Palleiro e para a xestión do seu libro xenealóxico por resolución do 6 de febreiro de 2004.

Nos seus estatutos, figuran entre outros fins:

- Difundir as características e calidades da Raza mediante calquera medio ao seu alcance que permita acercar a Raza ao público en xeral.
- Protexer a imaxe da Raza, aclarando informacións erróneas que poidan xurdir na sociedade e combatendo condutas incorrectas por parte de socios, criadores e xente relacionada coa Raza que poidan prexudicar a mesma.
- Recoñecer a labor realizada por personaxes ou entidades a prol da Raza.
- Celebrar concursos, exposicións, probas de aptitude e outros eventos que sirvan como medio para a promoción daqueles exemplares que máis se axusten ao estándar racial e que sexan máis destacables polas súas aptitudes, contribuíndo deste xeito á mellora da Raza.
- Colaborar, dentro dos seus ámbitos, con outras sociedades que persigan os mesmos fins.
- Facer públicos os méritos dos distintos exemplares, promovendo a cría con aqueles animais máis destacados.
- Dinamizar os intercambios de exemplares, servizos de monta e outros, poñendo a disposición dos interesados a información no seu poder.
- Asesorar aos criadores en materia de xenética e selección, co fin de asegurar que os cruzamentos sexan os adecuados para o progreso da Raza e o mantemento da variabilidade xenética.





- Realizar os estudos precisos para axudar á comisión do Libro Xenealóxico nas modificacións que se precisen para a mellora do estándar racial colaborando en dita función con aqueles organismos e personalidades relacionadas co mundo da cinofilia establecendo así as características precisas para a reprodución.
- Colaborar na xestión do Libro Xenealóxico, servindo de intermediario na tramitación de solicitudes.
- Realizar os cursos para a formación de xuíces oficiais e técnicos cualificadores da Raza a efectos do Libro Xenealóxico, autorizados e validados pola Consellería do Medio Rural e pola Comisión Rectora do Libro Xenealóxico.

Cuarto. As actividades a desenvolver enmárcanse no disposto no Real decreto 558/2001, de 25 de maio, que regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, modificado polo Real decreto 1557/2005, de 23 de decembro e polo Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, actualízase o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e modifícanse os Reais Decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro, e na Orde do 26 de abril de 2001, pola que se fai público o estándar racial do Can de Palleiro e se crea o libro xenealóxico da raza, modificada pola Orde do 7 de decembro de 2015.

Quinto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Sexto. Debido ao interese social e cultural que supón para Galicia a recuperación, conservación e fomento desta raza, con data 11 de maio de 2001 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de abril de 2001, pola que se fai público o estándar racial do Can de Palleiro e se crea o libro xenealóxico da raza e na que se establece que a Consellería do Medio Rural é o órgano competente para a xestión do libro xenealóxico da raza Can de Palleiro, función que realiza a través do Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia (CRZG), organismo adscrito á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Tamén crea unha Comisión Rectora como salvagarda das actividades do libro e garante da pureza racial do Can de Palleiro, integrada pola propia Consellería do Medio Rural e por representantes do Club da Raza Can de Palleiro.

A Consellería do Medio Rural é a responsable directa das actuacións encamiñadas á recuperación da raza en virtude do establecido no Real decreto 558/2001, do 25 de





maio, que regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, o cal establece na disposición adicional terceira que *“A autoridade competente elaborará plans específicos de recuperación para aquelas razas caninas españolas que estean ou poidan considerarse en perigo de extinción”*.

A conservación do Can de Palleiro apoíase en garantir estritamente a súa pureza racial, mediante a supervisión dos cruzamentos e evitando taxas de consanguinidade que porían en perigo o futuro da raza. Ao mesmo tempo, é imprescindible que todo isto se vexa complementado coa realización de actividades que permitan dar a coñecer a raza e as súas calidades entre o público en xeral.

A Consellería do Medio Rural e o Club veñen colaborando dende hai anos en prol da raza, de tal xeito que con data 29 de agosto de 2017 asinaron o Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza can de palleiro no período 2017 – 2020, que tivo a súa continuación no convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza Can de Palleiro no período 2021 – 2024, asinado con data 9 de abril de 2021. Entre os compromisos do Club nos citados convenios estaban a busca de animais que respondesen ao prototipo racial do can de palleiro e o seu rexistro, a formación de xuíces especialistas da raza, a valoración de novos exemplares, a formación, información e asesoramento dos criadores e a promoción da raza en feiras, concursos, exposicións así como en prensa, radio, televisión e redes sociais. Dos informes analíticos anuais presentados polo Club pódese concluír que o cumprimento das obrigas está a repercutir moi positivamente na raza, aumentando o número de exemplares inscritos no libro xenealóxico e o número de criadores, polo que o convenio amosouse nestes anos como un pilar fundamental para o crecemento da raza.

Á vista do cumprimento positivo e satisfactorio deste segundo convenio, e atendendo á importancia que a raza supón para o patrimonio xenético de Galicia, unido a que dada a situación poboacional da raza é imprescindible manter as actividades do CRCdP, a Consellería do Medio Rural considera necesario renovar o convenio co Club para o período 2025 - 2028, mantendo ou actualizando, segundo o caso, os compromisos derivados do anterior e incorporando novas liñas de actuación.

Ademais, ao non tratarse dunha raza gandeira ou de produción (consideradas como tales as razas de aproveitamento), carece de axudas públicas para desenvolver os traballos necesarios en todo programa de conservación dun recurso xenético. Por tanto, compre seguir a traballar pola raza e superar os resultados obtidos ata o de agora, polo que procede asinar un novo convenio entre a Consellería do Medio Rural





e o Club, coas miras postas en garantir o seu futuro, apoiándose no crecemento do número de exemplares e na súa expansión xeográfica.

O desenvolvemento deste proxecto, só é posible coa participación do Club, xa que é a única entidade en Galicia que traballa en prol desta raza e a única recoñecida oficialmente como asociación colaboradora. Ademais, aglutina aos criadores da raza e conta cunha gran experiencia. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para acadar os obxectivos perseguidos.

Por tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, e que as actuacións previstas no presente convenio resultan necesarias para manter a potenciación da raza Can de Palleiro, enténdese a procedencia da sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Club de Raza Can de Palleiro para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión desta raza.

Sétimo. En virtude do anterior, e acreditado que o Club Raza Can de Palleiro cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao Club Raza Can de Palleiro para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza Can de Palleiro.

A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos do Club Raza Can de Palleiro, obxectivos compartidos coa Consellería do Medio Rural, tal como se recolle nos expoñendo terceiro e segundo respectivamente.

SEGUNDA. Compromisos do Club Raza Can de Palleiro

O Club Raza Can de Palleiro comprométese a levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Colaborar na busca de animais no campo que poidan responder ao prototipo racial do can de palleiro e, por ser destacados, poidan aportar algo positivo á raza, para





solicitar a súa inscrición no rexistro fundacional da mesma, e comunicar os seus datos.

2. Organizar, coordinar e supervisar os cursos de formación de xuíces especialistas da raza.

3. Realizar, a través dos xuíces correspondentes, a valoración de exemplares dos propietarios que desexen inscribir animais no libro xenealóxico e as confirmacións cara a determinar os exemplares "Apto para Reprodución".

4. Facilitar información aos criadores sobre os cruzamentos máis axeitados e supervisalos sempre que sexa posible, buscando os menores índices de consanguinidade posibles.

5. Proporcionar asesoramento técnico aos criadores e supervisar as camadas.

6. Organizar exposicións e concursos morfolóxicos. Así como probas deportivas, "agility", canicross, de adestramento ou calquera outra proba que sirva para mostrar a polivalencia da raza.

7. Mediar e colaborar cos criadores na adquisición de animais entre solicitantes de exemplares.

8. Participar en feiras autonómicas, nacionais, internacionais e en exposicións, propias ou en colaboración con sociedades cinolóxicas.

9. Realizar xornadas técnicas, charlas informativas, exposicións fotográficas e elaboración de material publicitario.

10. Difundir en prensa, radio, televisión e redes sociais as actividades que realicen.

11. Elaborar e editar guías de axuda sobre a raza, o seu adestramento, cría, coidados básicos, alimentación, saúde e sobre calquera outro aspecto que poida ser de interese.

12. Realización de estudos e colaboracións con entidades de prestixio técnico e científico que poidan ser de utilidade para a raza.

13. Colaborar coa Consellería do Medio Rural no mantemento do libro xenealóxico e no desenvolvemento do programa de mellora da raza.

O Club da Raza Can de Palleiro garantirá que todos os animais que participen nas actividades sinaladas nesta cláusula cumpran con todos os requisitos da raza e estean inscritos no Libro Xenealóxico da mesma.





TERCEIRA. Gastos financiáveis

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio, realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2025 ata un importe máximo anual de 20.000€.

A intensidade da axuda poderá chegar ao 100 % dos custos subvencionables sen que en ningún caso se poida superar o custo da actividade subvencionada.

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713C.781.1. Tan só se consideran subvencionables aqueles gastos que dun xeito indubidable respondan á natureza das actividades recollidas na cláusula segunda deste convenio. Achégase no Anexo I o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver polo Club Raza Can de Palleiro.

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) só se considera financiável no caso de que non sexa susceptible de recuperación ou compensación. Nese caso, o Club Raza Can de Palleiro deberá presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola Axencia Española de Administración Tributaria.

CUARTA. Xustificación

Realizarase unha única xustificación anual. A data límite de xustificación e presentación de gastos e pagamentos será o 1 de decembro de cada ano.

Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:

1. Un escrito de remisión asinado polo representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade.
2. Unha certificación, expedida polo representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle dos gastos e facturas.
3. Os xustificantes orixinais dos gastos e as acreditacións do seu pago efectivo.
4. Unha memoria explicativa, asinada polo secretario ou presidente da entidade, sobre a realización das actividades auxiliadas, que probe a prestación efectiva dos servizos.
5. Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do Anexo II).
6. Ademais, deberase presentar unha copia da contabilidade do Club en formato pdf, asinada e selada, onde se identifique inequivocamente cada un dos gastos do Convenio.
7. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou





calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio.

Para o caso das facturas, estas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a actuación para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao convenio, indicando neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Se considerará efectivamente pagado o gasto xustificado mediante facturas cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario.

Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros, admitirase como xustificante de pago a factura ou acreditación de pagamento, asinada e selada polo proveedor na que figure a expresión *“Recibín en metálico en concepto de pago pola realización de actividades enmarcadas no Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can do palleiro o importe de ...”*. Ademais, deberá conter detallados os seguintes datos:

- A descrición da actuación realizada.
- A data e hora de realización.
- O lugar de realización.
- A duración da mesma.
- O nome, NIF e datos de contacto (endereço postal, teléfono e correo electrónico) da persoa/empresa á que se lle realiza o pagamento.

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713C.781.1. Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto nos artigos 62 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía anual concedida.

Porén, o Club Raza Can de Palleiro queda eximido de constituír garantías para efectuar estes pagamentos á conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto





11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. A actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros realizarase cumprindo as obrigas referidas en dito artigo.

QUINTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do Club Raza Can de Palleiro que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SEXTA. Comisión de seguimento

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración poderase constituír unha comisión de seguimento, composta por 2 funcionarios da Subdirección Xeral de Gandería e 2 membros da xunta directiva do Club Raza Can de Palleiro.

Será a encargada de coordinar, supervisar e realizar o seguimento das actuacións do mesmo, así como de propor e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da súa aplicación.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

SÉTIMA. Informes

O Club Raza Can de Palleiro elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 15 de xaneiro do seguinte ano, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo.

Cando sexa posible, en función da natureza das actuacións do convenio, o informe incluirá un apartado relativo á determinación exacta dos obxectivos acadados, que poidan ser postos en comparación coa situación de partida. No último ano da duración do convenio, incluirá tamén unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

OITAVA. Controis

A Consellería do Medio Rural exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto do convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, concretamente, por medio do director do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia.





O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Club Raza Can de Palleiro comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

NOVENA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega con base a este convenio, será incompatible con calquera outra que poida obterse de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para a mesma finalidade.

DÉCIMA. Obriga de reintegro.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá ao Club Raza Can de Palleiro.

O Club Raza Can de Palleiro poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión por calquera das partes de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

DUODÉCIMA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de





desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO TERCEIRA. Autorizacións e transparencia

O Club Raza Can de Palleiro autoriza á Consellería do Medio Rural a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO CUARTA. Natureza e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

DÉCIMO QUINTA. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.





O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

DÉCIMO SEXTA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2028, asíñase para o período 2025 – 2028. O importe total ascende a oitenta mil euros (80.000 €), coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do mesmo:

- 20.000,00 € para o ano 2025
- 20.000,00 € para o ano 2026
- 20.000,00 € para o ano 2027
- 20.000,00 € para o ano 2028

Este convenio tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto e coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025.

E en proba de conformidade, asinan este convenio na data da sinatura dixital.





Pola Consellería do Medio Rural

A conselleira do Medio Rural
P.D. Orde do 17.11.2015 (DOG. Núm. 223, do
23.11.2015)
O director xeral de Gandaría, Agricultura
e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

Polo Club Raza Can de Palleiro

O presidente

Daniel Conde Ojea





ANEXO I

CADRO DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS ESTIMADOS

Os importes para cada tipo de gasto reflectidos nos cadros corresponden a cálculos orientadores, estimados durante cada un dos anos de vixencia do convenio (prevese que serán iguais para cada anualidade), que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

ACTUACIÓNS	TIPOS DE GASTO	IMPORTE
Promoción, Fomento e Difusión da Raza Can de Palleiro.	Gastos xerais, alugueiros de locais, ordenadores, material informático e o seu mantemento e actualización, adquisición de material de oficina.	2.500,00
	Colaboración na busca de animais co patrón racial, valoración de exemplares e visitas a camadas (desprazamentos, alugueiro de vehículos, material de traballo).	1.500,00
	Realización de estudos de caracterización poboacional da raza, tests de comportamento, elaboración e edición de Guías.	6.000,00
	Organización de exposicións, concursos morfolóxicos e escolas de xuíces (montaxes, alugueiro de vehículos, etc).	3.000,00
	Actividades de fomento e difusión da raza (asistencia a feiras, charlas, conferencias, xornadas, etc).	2.500,00
	Difusión en prensa, radio, TV e redes sociais (Redes sociais, anuncios, spots publicitarios, cuñas radiofónicas, etc) Adquisición material publicitario.	4.500,00
TOTAL		20.000,00 €





ANEXO II

MEMORIA ECONÓMICA

De acordo co establecido na Cláusula Cuarta, toda xustificación virá acompañada dunha memoria económica en formato dixital que incluirá como mínimo os seguintes campos:

ACTUACIÓN / CONCEPTO

PROVEDOR / DESTINATARIO DO GASTO

NIF

DATA DE REALIZACIÓN

NÚMERO DE FACTURA OU GASTO

BASE IMPOÑIBLE

IVE

TOTAL FACTURA/ GASTO

DATA PAGO

PORCENTAXE IMPUTADA

TOTAL IMPUTADO

